

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE
GALICIA (INEGA) E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO- PROXECTO HOME
GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN CURSO DE FORMACIÓN
RELACIONADO COAS ENERXÍAS RENOVABLES**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ángel Bernardo Tahoces, Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público formalizou coa Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o o día seguinte a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre as partes asinantes para levar a cabo na Comunidade Terapéutica de Proxecto Home, con enderezo en Lugar de Cernadas, Portomouro, Val do Dubra, un proxecto educativo de formación en enerxías renovables para a capacitación dos mozos e mozas que reciben atención terapéutica e converter a Fundación nun centro de educación ambiental.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Este convenio encádrase nas tecnoloxías de xeración de enerxías renovables e a eficiencia enerxética, como un proxecto formativo e divulgativo de carácter práctico que permita formar nesta materia aos mozos e mozas que reciben atención terapéutica na Fundación Monte do Gozo ofrecéndolles unha alternativa de proxección cara o emprego, e tamén converter a Fundación nun centro de educación ambiental de referencia para outros axentes e colectivos. Ademais da cumprir unha función enerxética e de aforro de custos enerxéticos.



A Educación Ambiental xoga hoxe en día un papel esencial para capacitar á acción a unha sociedade para poñer freo aos problemas ambientais que afectan ao noso entorno local e global, demostrándoas desde a práctica e a acción necesitada de permanente reflexión e concienciación. Poderase desenvolver unha actividade formativa relacionada con diferentes temáticas (paneis solares térmicos, fotovoltáicos, maquetas didácticas, etc).

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razón de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria. Neste caso, as razóns ás que alude a devandita disposición normativa enténdense acreditadas por tratarse dunha fundación sen ánimo de lucro que ten sen dúbida como finalidade unha actividade de interese social e humanitario.

As actuacións de A Fundación Monte do Gozo enmárcanse no interese público, social e económico e, de acordo co disposto no artigo 19.4, no seu apartado c), da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência competitiva pola especificidade das características que debe reunir a entidade destinataria da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

